



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## **SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, B.O.E. do 11-09-2003, ten por obxecto establecer as condicións e o procedemento polo que as universidades españolas poderán expedir o Suplemento Europeo ao Título (en adiante SET), co fin de que os actuais universitarios españois poidan beneficiarse ao terminar os seus estudos das vantaxes que comporta, para a súa mobilidade académica e profesional, noutras universidades e outros países europeos o que os seus títulos vaian acompañados dun documento de información sobre o nivel e contido dos ensinos que cursen nunha universidade española.

A existencia do SET xustifícase fundamentalmente pola diversidade de ensinos e titulacións existentes en Europa, as dificultades no seu recoñecemento, o incremento da mobilidade dos cidadáns e a insuficiente información achegada polos títulos oficiais universitarios.

O Suplemento Europeo ao Título expedido pola Universidade de Vigo é un documento complementario do Título Oficial Universitario. Elabórase en tres idiomas: galego, español e inglés e ten, así mesmo, a consideración de Suplemento Europass (programa europeo que facilita a formación e o traballo en Europa). O SET é un documento de información unificado e personalizado para cada persoa titulada, no que fundamentalmente se detallan os estudos cursados, as materias superadas tanto na propia Universidade como, no seu caso, noutras Universidades, así como as competencias e capacidades profesionais adquiridas.

Por todo o exposto anteriormente, este Consello de Goberno ACORDA:

1. **Ámbito de aplicación:** Poderán solicitar e obter o Suplemento Europeo ao Título os/as estudantes da Universidade de Vigo que remataron os estudos oficiais a partir da data de entrada en vigor do Real Decreto 1044/2003 (12 de setembro de 2003). Entre estes plans de estudos inclúiranse as titulacións estruturadas por materias que se relacionan a continuación:

**Campus Pontevedra:**

- Licenciado en Belas Artes

**Campus de Vigo:**

- Enxeñeiro Industrial
- Enxeñeiro Técnico Industrial
- Licenciado en Química

2. Corresponde á Secretaría Xeral ditar as normas de desenvolvemento do establecido neste acordo.